

Á PRESIDENCIA E Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, presenta o seguinte escrito para a súa incorporación de maneira extraordinaria á orde do día da Xunta de Voceiros convocada para o martes 3 de febreiro.

Un acordo do ano 2011 eliminou o privilexio da adscrición persoal dun automóbil e dunha persoa para a súa condución aos membros da Mesa do Parlamento Galego, agás no caso da presidencia. Ese acordo restrinxía o uso deses medios a súa solicitude previa e de xeito motivado.

Hoxe coñecemos que este acordo non se está a cumprir e que parece ser que varios membros da Mesa, pertencentes ao PP, estarían a facer uso deses medios de xeito cotián. Aínda máis, o Parlamento vén de contratar a unha persoa para realizar tarefas de chofer, sen seguir un procedemento con publicidade e libre concorrència. Escolleuse a dedo, baixo a figura de persoal eventual, deixando de lado os criterios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Cando a actual maioría parlamentar adícase de xeito implacable a recortar ou eliminar dereitos económicos, sociais e culturais e mesmo a rabuñar dereitos políticos e civís á maioría social traballadora deste país, semella que non é quen de facer cumprir os acordos que limitaban os privilexios dos membros da Mesa do Parlamento.

Este grupo parlamentar demanda da Presidencia e da Mesa que esta cuestión se debata na próxima Xunta de Voceiros xa convocada para o martes 3. O nada edificante exemplo dalgúns patres conscripti tan remisos a renunciar a privilexios como decididos a recortar e eliminar dereitos merece unha discusión pública, máis cando ese proceder en cuestión incumpre un acordo deste Parlamento.

Xa que logo, o grupo parlamentar da AGE presenta este escrito para a súa incorporación á orde do día da vindeira Xunta de Voceiros.

En Compostela, 30 de xaneiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 30/01/2015 13:36:24